

Resolución do Tribunal designado pola Resolución do 04.11.2024, (DOG núm. 218 do 12 de novembro de 2024), que deberá cualificar o proceso de acceso por promoción interna e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial, convocados pola Orde do 14.08.2024 (DOG núm. 169, do 03.09.2024)

En sesión que tivo lugar o 16.02.2025, este Tribunal, por unanimidade:

ACORDOU:

Primeiro. Desestimar na súa totalidade as alegacións presentadas contra a resolución deste Tribunal publicada o 20.01.2025 pola que se fixeron públicas as cualificacións provisionais da segunda proba do proceso e remitir informe individualizado para cada un dos aspirantes que realizou alegacións ao caso práctico xunto cunha copia do seu exercicio.

Segundo. Convocar para o 20.02.2025 a terceira proba da fase de oposición (Proba de avaliación do coñecemento da lingua galega), en chamamento único que comezará ás 14:00 h na Aula @, sita no andar 0 da sede da Agasp.

Este exercicio consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego e doutro texto do galego para o castelán.

O tempo máximo para a realización desta proba é dunha hora, e non se concederá tempo a maiores.



As persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, ao xuízo do tribunal, e bolígrafo azul.

Non se permitirá a presenza de acompañantes e o persoal aspirante deberá seguir as indicacións e resolucións do tribunal, que son públicas a través da páxina web da Agasp.

Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento de que se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.

Terceiro. Publicar xunto con esta resolución os seguintes anexos:

- Anexo I coa listaxe das persoas aspirantes que realizaron o caso práctico coas cualificacións definitivas acadadas no mesmo, por orde decrecente de puntuación.
- Anexo II coa listaxe das persoas aspirantes que realizaron o caso práctico coas cualificacións definitivas acadadas no mesmo, por orde alfabética.
- Anexo III coa listaxe das persoas convocadas a terceira proba da fase de oposición (proba de avaliación do coñecemento da lingua galega).

Cuarto. Remitir ao servizo de selección, coordinación e planificación da Agasp esta resolución xunto cos anexos para a súa publicación na súa páxina web e na súa sede.

Segundo o punto 5.9 da convocatoria, as persoas aspirantes poderán interpoñer recurso de alzada ante o Director Xeral da Academia Galega de Seguridade



Pública no prazo dun mes desde a publicación desta resolución na páxina web da Academia Galega de Seguridade Pública (agasp.xunta.gal), nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Pontevedra, 17 de Febreiro de 2025

A presidenta do Tribunal

María del Carmen Rebolledo Olmedo

